



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 26 DE XULLO DE 2022

Sendo ás 20:00 horas do día 26 de xullo de 2022, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D^a. M^a. Noelia Varela Suárez

D^a María Teresa Chouciño Calvete

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar

D^a. Ana María Vecino Santiago

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

D. Marco Antonio Varela Vidal

Concelleiros/as non adscritos/as

D. Miguel Ángel González Gómez

D. Faustino Santiago Lema

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D^a. Raquel Fondo Pérez

D^a. Ana Pérez Imia

D. Jesús Daniel García Cotelo

SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES:

SECRETARIA: D^a. M^a. CRISTINA VARELA GARCÍA, secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións na Secretaría do Concello de Ponteceso

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión.

A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican de seguido:

PARTE RESOLUTIVA

1º. Aprobación “ope legis” da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria do 30-05-2022.

O Sr. Alcalde presunta se algún membro da Corporación quere realizar algunha observación.

A Sra. Carrillo Aguiar pide a palabra para aclarar que ella dixo “se sabe o alcalde se ela quere ser candidata”.

A secretaria indica que non hai problema en facer constar esa observación, dado que se trata dunha intervención.

Sométese a votación a aprobación da acta, coa observación indicada, e apróbase por cinco votos a favor (3 do G.M. PsdeG-PSOE e 2 G.M. do PP) oito abstencións (8 Non adscritos e 2 G.M. APIN) e ningún voto en contra.

2º. Aprobación da conta xeral do exercicio 2021. Expte. 2022/T017/000001.

Pola presidencia expónse a proposta da Alcaldía, que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2021

Finalizada a contabilización do exercicio 2021, de conformidade coa Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local), se procedeu á formación da Conta Xeral do Concello de Ponteceso para o citado exercicio.

Segundo o artigo 209 do TRLFL e a Regra 44.2 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, a conta xeral estará integrada por: a conta da propia entidade local, a conta dos organismos autónomos, a das sociedades mercantís de capital integramente propiedade das entidades locais e as das entidades públicas empresariais. No caso do Concello de Ponteceso ao non existir nin organismos autónomos nin sociedades mercantís de capital integramente municipal, nin entidades públicas empresariais a Conta Xeral está integrada unicamente pola Conta do Concello de Ponteceso.

De acordo coa Regra 45.1 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, as contas anuais do Concello de Ponteceso para o exercicio 2020 están integradas polos seguintes estados:

- O balance.
- A conta de resultado económico-patrimonial.
- O estado de cambios no patrimonio neto
- O estado de fluxos de efectivo
- O estado de liquidación do orzamento.
- A memoria.

Tales contas foron elaboradas seguindo as normas e axustándose aos modelos que se establecen na Orde antes citada.

Ademáis de conformidade co apartado 3 da mencionada Regra 45 aos estado anteriores, se une a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en caixa a final do exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesma a favor da entidade local referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

A interventora informou o 10.05.2022 (referencia LMR CX21/2022)

O artigo 212 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais establece que a Conta Xeral será informada pola Comisión Especial de Contas.

O 01.06.2022 a Comisión Especial de Contas ditaminou favorablemente a Conta Xeral do Concello de Ponteceso correspondente ao exercicio 2021 nos termos e coa documentación que obra no expediente, dado que foi elaborada ao abeiro da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local e xa que consta de tódolos documentos exixidos pola citada normativa.

A Conta Xeral 2021, cós documentos que a xustifican e có ditame favorable da Comisión Especial de Contas, permaneceron expostos ó público, durante os quince días hábiles comprendidos entre o 7 e o 28 de xuño de 2022 (ambos inclusive), mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 106 de data 6 de xuño de 2022 e que, durante o transcurso do citado prazo, non se presentou ningunha reclamación tal e como consta no informe de Rexistro de 20.07.2022

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno:

1.- A aprobación da Conta Xeral do Concello de Ponteceso correspondente ao exercicio 2021 nos termos e coa documentación que obra no expediente, dado que foi elaborada ao abeiro da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local e xa que consta de tódolos documentos exixidos pola citada normativa.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde.

Xosé Lois García Carballido.”

O alcalde manifesta que se cumpriron todos os trámites e pide a súa aprobación polo Pleno.

A voceira do PP dille ao alcalde que busque os votos en quen lle aprobou o orzamento, porque eles non van votar a favor.

O voceiro de APIN di que empeoraron os datos do Período Medio de Pago. O alcalde está moi contento con ter remanente pero os veciños de Langueirón están sen auga. Supón que as cuestións técnicas están ben, pero Intervención di o que di e non poden aprobar as súas contas. Parten dunha premisa falsa porque non hai orzamento, son os do 2020, que prevén un ingresos dun parque eólico que non se deron. Vanse abster.

O alcalde somete a votación a proposta.

O Sr. García Cotelo tiña a man levantada para pedir a palabra.

O Sr. Santiago Lema pide que deixe falar.

O alcalde chámalle a atención ao Sr. Santiago Lema dúas veces, advertíndolle que, de facelo unha terceira, procede a expulsión. Lémbrale que non pode intervir desde que se somete a votación o punto. Tamén chama á orde ao Sr. García Cotelo.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Votos en contra: oito (2 G.M. do PP e 6 concelleiros/as non adscritos(as)

Abstencións: dúas (G.M. APIN)

Queda rexeitada a proposta.

3º. Solicitude de compatibilidade de D. Joaquín Muñoz Mato, operario do GES do Concello de Ponteceso. Expte. 2022/E005/000001.

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

“PROPOSTA DE ACORDO

SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DE D. JOAQUÍN MUÑOZ MATO, OPERARIO DO GES DO CONCELLO DE PONTECESO.

Presentada por D. Joaquín Muñoz Mato, co DNI núm. ***0174**, persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Concello de Ponteceso, solicitude de compatibilidade o día 21-05-2022, rexistro de entrada 202299900000843, en cumprimento do ordeado pola alcaldía emitíronse informes polo coordinador do G.E.S. na data de 08-06-2022, polo técnico de Administración Xeral, coordinador xeral na data de 15-06-2022, sendo este ultimo do seguinte teor literal:

“En cumprimento do ordeado pola Alcaldía na providencia de data 08-06-2022, polo técnico de Administración Xeral-coordinador xeral emítase o seguinte informe:

“.....

1. ANTECEDENTES

*Solicitude con R.E. núm. 202299900000843 presentada o día 08-06-2022 por D. Joaquín Muñoz Mato, con DNI núm. ***0174**, persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Concello de Ponteceso, na que solicita a compatibilidade para desenvolver o seu posto de traballo co desempeño dunha segunda actividade no sector privado.*

Providencia da alcaldía de data 08-06-2022 para a emisión de informes polo coordinador do GES e TAX-coordinador xeral.

Informe do coordinador do GES de data 08-06-2022.

2. LEXISLACIÓN APLICABLE

- A) *Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.*
- B) *RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP.*
- C) *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*
- D) *Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública,*
- E) *Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.*
- F) *RD 1777/19894, de 5 de agosto, de adecuación de las normas reguladoras de los procedimientos de gestión de personal a la Ley 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.*

3. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- *O solicitante, D. Joaquín Muñoz Mato, persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) do Concello de Ponteceso, xustifica a súa solicitude para desempeñar un segundo posto no sector privado como autónomo, realiazando traballos de montaxe de cociñas, no réxime xeral e cunha dedicación inferior a 18 horas semanais.*

Segunda.- *O solicitante na súa condición de empregado público, persoal laboral, está incluído no ámbito da LI, por aplicación do seu artigo 2.1. c).*

O prazo para resolver a solicitude de compatibilidade presentada é de tres meses, conforme ao establecido na disposición adicional primeira, apartado b), do RD 1777/1994, do 5 de agosto, de adecuación das normas reguladoras dos procedementos de xestión de persoal á Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP, vixente na actualidade.

Terceira.- *Para a declaración de compatibilidade do persoal, sexa para unha actividade pública ou unha actividade privada, fai falta tamén que quede cumprido o requisito retributivo fixado no artigo 16.1 LI, tal e como dispón a disposición adicional cuarta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que*

se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, unha vez aprobadas as leis de desenvolvemento do Estatuto Básico do empregado público.

Dispón o artigo 16.1 LI vixente:

"1. Non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección."

Conforme ao artigo 23.3 b) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, o complemento específico é aquel destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigo ou penosidad. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.

O art. 16.4, permite compatibilizar actividade se non se excede duns determinados límites, que deben ser comprobados en cada caso:

"4. Así mesmo, por excepción, e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1.3, 11, 12 e 13 da presente Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade."

O Concello de Ponteceso debe identificar que concepto retributivo perciben os seus traballadores e si se corresponde ao complemento específico funcional. No Concello de Ponteceso ao non existir convenio colectivo de persoal laboral, será a Intervención Municipal a que deba informar acerca das retribucións que percibe o solicitante, e á vista dos conceptos retributivos concluirá se se dá a previsión establecida no referido art. 16.1 LI.

Para ter en conta a afección da actividade ás funcións que se desenvolven no Concello, se afecta o horario ou calquera outra circunstancia que impida o normal desenvolvemento das funcións de empregado público, solicitouse e emitido informe polo coordinador do GES, na data de 08-06-2022, e no cal se di que a actividade para desenvolver polo solicitante non afectará á actividade, horario e funcións que desempeña no Concello, e que a nova actividade non menoscabará ou dificultará as prestacións do servizo ao que está encomendado.

Cuarta.- O exercicio dunha actividade privada esixe a previa autorización ou recoñecemento da compatibilidade, competencia que vén atribuída ao Pleno da Corporación, no seu caso -art. 14,1 LI. O recoñecemento da actividade debe ser motivada, non podendo modificar a xornada de traballo e horario do interesado, quedando sen efecto automaticamente en caso de cambio de posto de traballo no sector público.

Quinta.- O órgano competente para o seu recoñecemento é o Pleno do Concello, deberá adoptar o acordo que en dereito estime máis procedente, e no suposto da súa concesión por aplicación do art. 8.1. g) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberase publicar no seu portal de transparencia, sede electrónica ou páxina web a información relativa á mesma.

4. CONCLUSIÓN

A expensas do informe que corresponda emitir á Intervención municipal, e coa condición de que non se excedan os límites do art. 16.4 LI, **infórmase favorablemente** a compatibilidade solicitada por **D. JOAQUÍN MUÑOZ MATO**, persoal laboral do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) do Concello de Ponteceso, para o desempeño da actividade privada a prestar como montador de cociñas no réxime xeral, cunha dedicación inferior a 18 horas semanais, ao non menoscabar nin alterar a prestación dos seus servizos, segundo o informe emitido polo coordinador do GES, non podendo modificar a xornada de traballo e horario do interesado, quedando sen efecto automaticamente en caso de cambio de posto de traballo no sector público.

....."

Na data de 15-06-2022 a Intervención Municipal emite o seu informe que é do seguinte teor literal:

“.....

ANTECEDENTES

-Solicitud de compatibilidade presentada por Joaquín Muñoz Mato o 21.05.2022 (núm. de rexistro de entrada 202299900000843)

- Informe do Coordinador do Grupo de Emerxencias Supramunicipal con entrada no concello o 08.06.2022 (núm. 202299900000960).

-Informe do Técnico de Administración Xeral-Coordinador Xeral de 15.06.2022.

- Contrato de traballo e nóminas do traballador Joaquín Muñoz Mato correspondentes ao exercicio 2022.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- RDL 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Real decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto refundido do estatuto dos traballadores

-Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas

En virtude do exposto emito o seguinte, **INFORME DE RETRIBUCIONES JOAQUÍN MUÑOZ MATO**

De conformidade cós datos que constan na intervención municipal e ao abeiro do contrato de traballo suscrito, os conceptos retributivos do traballador no exercicio 2022 son os que seguen:

Sueldo base	1.233,90 €
Antigüidade	40,04 €
Prorrata paga extra	212,32 €
TOTAL MENSUAL	1.486,26 €

CONCLUSIÓN

O traballador Joaquín Muñoz Mato non percibe retribucións complementarias polo que no caso que o Pleno acceda á solicitude de compatibilidade presentada o 21.05.2022 (núm. de rexistro de entrada 202299900000843), non se estaría a vulnerar o artigo 16.1. Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

.....”

Por todo o anterior, elévase ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Autorizar a solicitude de compatibilidade do traballador do GES, D. JOAQUÍN MÚÑOZ MATO para o desempeño da actividade privada a prestar como montador de cociñas no réxime xeral, cunha dedicación inferior a 18 horas semanais, ao non menoscabar nin alterar a prestación dos seus servizos, segundo o informe emitido polo coordinador do GES, non podendo modificar a xornada de traballo e horario do interesado, quedando sen efecto automaticamente en caso de cambio de posto de traballo no sector público para o desempeño dunha segunda actividade no sector privado, a prestar como asalariado no réxime xeral, realizando traballos de instalación de pladur, pintura e similares, cunha adicación inferior a 18 horas semanais, segundo a súa solicitude, sen que se modifique a súa xornada e horario como empregado público.

Segundo: Notificar ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.

Ponteceso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

O Sr. García Cotelo dille ao alcalde que ten que darlle a palabra se a pide e plantexa unha cuestión de orde: hai moitas solicitudes de compatibilidade do GES porque cobran pouco.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (3 do G.M. PsdeG-PSOE, 2 G.M. do PP, 2 do G.M. APIN e 5 non adscritos)

Votos en contra: ningún

Abstencións: unha (Sra. Pérez Imia).

Queda aprobado o ditame da Comisión, elevándose a acordo nos seus propios termos.

4º. Declaración institucional de integridade e compromiso ético.

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE INTEGRIDADE E COMPROMISO ÉTICO

Un dos piares fundamentais que deben guiar a actuación das Administracións Públicas para a mellor satisfacción do interese xeral ten que ser o da integridade institucional, definido de maneira sinxela como a observancia dos valores e principios da boa administración.

O mantemento e reforzo da integridade institucional e a súa proxección aos cidadáns, institucións e entidades coas que se relaciona deben ser, pois, obxectivos irrenunciabes de calquera Administración Pública para o cumprimento dos fins que a Constitución e a lei lle encomendan.

A integridade institucional é unha esixencia ética que reborda a mera suxeición ás normas e, pola contra, demanda unha actitude proactiva na busca do cumprimento daqueles principios da boa administración. Un dos aspectos fundamentais que configuran a integridade dunha institución pública é o rexeitamento público, expreso e rotundo da fraude e da corrupción e o compromiso, igualmente claro, inequívoco e público para a súa persecución.

Pouco a pouco, pero de xeito imparabile, alentadas e con apoio na normativa da Unión Europea (por exemplo na Directiva (UE) 2017/1371, sobre a loita contra a fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión) e nas recomendacións dos seus organismos (sinaladamente a Oficina Europea de Loita contra a Fraude - OLAF), as manifestacións das Administracións expresando un compromiso de "tolerancia cero" coa fraude son cada vez máis frecuentes. En todo caso, o rexeitamento público da fraude e da corrupción faise ineludible cando a Administración xestiona fondos procedentes das Comunidades Europeas.

A xestión de fondos europeos esixe iniciar os trámites oportunos para dar cumprimento ao previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, onde se establece que, coa finalidade de protexer os intereses financeiros da Unión Europea, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (en diante PRTR), deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

A Federación Española de Municipios e Provincias aprobou unha declaración institucional sobre a prevención, detección e corrección do fraude o 22 de febreiro de 2022.

Existe a firme vontade por parte do Concello de Ponteceso de concorrer no ano en curso ás convocatorias que o Goberno de España poña en marcha para a execución do PRTR, sendo preciso contar co mencionado plan de medidas antifraude no caso de ser beneficiario de fondos con cargo ao Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.

Alén do ate aquí exposto, o Pleno municipal quere manifestar o seu compromiso cos estándares máis elevados no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade se perciba por todos como oposta á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Todos os membros da Corporación Municipal asumen e comparten este compromiso.

Por outra banda, os empregados públicos municipais teñen entre os seus deberes o de "velar polos intereses xerais, con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e actuar

con arranxo aos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental, e respecto á igualdade entre homes e mulleres" (artigo 52 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

O obxectivo desta política é o de impulsar e favorecer unha cultura interna que desalente toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos supostos que poidan darse.

No marco desa política, o Concello de Ponteceso disporá os procedementos e canles necesarias para que, con respecto pleno á confidencialidade e á protección de datos de carácter persoal, calquera persoa ou entidade poida denunciar aquelas irregularidades ou sospeitas de fraude que poida detectar, dando cumprimento así á normativa europea e interna que regula esta materia.

Así pois, a presente declaración é un punto de partida para un compromiso en prol dun cambio de cultura administrativa na que os mencionados estándares e sobre todo, o compromiso co Dereito á boa administración, rexan a totalidade do actuar desta institución, ca adopción de todas as medidas precisas tanto na inmediata xestión de Fondos Europeos coma en xeral na xestión global de toda a actuación administrativa. Declarando, por tanto, unha política de "tolerancia cero" fronte á fraude e a corrupción e establecerá os sistemas de control axeitados para previr e detectar, dentro do posible, calquera actuación fraudulenta e corrixir o seu impacto, no caso de producirse.

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte o seguinte acordo:

Aprobar a presente declaración institucional, expresando o compromiso do Concello de Ponteceso na loita contra a fraude e a corrupción.

Ponteceso, a 15 de xullo de 2022.

O alcalde

Xosé Lois García Carballido"

A Sra. Carrillo Aguiar di que están a favor da integridade e o compromiso ético pero o alcalde debería darse por aludido. Cita a un escritor irlandés: "He aquí un hombre íntegro arremetiendo contra su calzado cuando el culpable es el pie."

O Sr. García Cotelo di que teñen unha querela pola que imputan ao alcalde e mostra o auto do xulgado. Afirmo que o alcalde está actuando en contra dos veciños de Corme e le a admisión a trámite. Acusa ao alcalde de "telos cadrados", e conminao a deixar todo, coller a porta e marchar. Cando o xulgado admite a trámite unha querela, comeza a investigar. O día 29 saberán se o funcionario vai co alcalde como investigado. Dille ao alcalde que se deixe de traer declaracións institucionais cando todos saben o lote de trapalladas que hai no concello. Toda a documentación que lle pide o xulgado pediu que lla deixaran ver pero está aínda agarando pola copia.

O alcalde dille que vaia rematando. Aclara que esta declaración foi redactada polos técnicos superiores do concello e é requisito para optar aos Fondos Next Generation.

O Sr. García Cotelo continúa dicindo que non se lle facilitan os documentos que solicitou...

O alcalde dille que como non se ataña ao punto vaille retirar a palabra.

A Sra. Fondo Pérez di que non estamos en Madrid con Pedro Sánchez, polo tanto o alcalde ten que facer a auditoría que lle piden.

O alcalde reitera a necesidade de aprobar este asunto, de natureza técnica, por parte de todas as administracións que queiran optar a estes fondos.

A Sra. Fondo Pérez dille que a proposta asínaa o alcalde.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (3 do G.M. PsdeG-PSOE, 2 G.M. do PP e 2 do G.M. APIN)

Votos en contra: seis (concelleiros/as non adscritos/as)

Abstencións: ningunha

Queda aprobado o ditame da Comisión, elevándose a acordo nos seus propios termos.

O alcalde agradece o apoio de PP e APIN para que se aprobara este punto.

5º. Proposta de renovación do Programa de Tarxeta Básica da Xunta de Galicia.

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

RENOVACIÓN DO PROGRAMA DE TARXETA BÁSICA DA XUNTA DE GALICIA

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponteceso a través desta Alcaldía de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte PROPOSTA:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

"Máis de 2.800 familias con dificultades económicas acceden á tarxeta básica no seu primeiro mes de implantación. Esta cantidade de tarxetas outorgadas supón case dous millóns de euros en axudas para os vindeiros tres meses que beneficiarán a unhas 6.000 persoas"

O 40% das tarxetas concedidas ata o momento diríxense a familias de tres ou máis membros

A tarxeta ten unha duración inicial de tres meses e a súa contía oscila, en función da composición familiar, entre os 450 e os 900 euros trimestrais

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2020

Un total de 2.846 fogares galegos con dificultades económicas accederon este mes á Tarxeta básica para a compra de alimentos, produtos de hixiene e de farmacia que o Goberno galego puxo en marcha en colaboración con Cruz Vermella. Isto supón que, cando se cumpre o primeiro mes de implantación desta medida, a Xunta ten outorgadas axudas para os vindeiros tres meses por valor de case dous millóns de euros.

A tarxeta ten unha duración inicial de tres meses e recárgase automaticamente mes a mes. A súa contía oscila entre os 450 e os 900 euros trimestrais, en función do número de membros da unidade familiar. Ata o momento, o 40% das tarxetas concedidas diríxense a familias de tres ou máis persoas —con 300 euros mensuais—. Un 35% das tarxetas destínanse a familias dunha única persoa —de 150 euros ao mes— e o 25% restante correspóndense coas outorgadas a familias de dúas persoas —con 200 euros de saldo cada mes—. En función destes criterios de composición familiar, as preto de 2.900 tarxetas básicas concedidas benefician xa a un mínimo de 6000 persoas.

Esta iniciativa encádrase no Plan de recuperación social de Galicia aprobado co fin de atender ás necesidades máis urxentes xurdidas como consecuencia da covid-19. As tarxetas poden solicitarse nas sedes comarcais de Cruz Vermella ou a través dos servizos sociais dos concellos por medio dun trámite sinxelo; e o tempo medio de espera para recibila é de tres días. Trátase de que as galegas e galegos con dificultades poidan facer uso da tarxeta no menor tempo posible e recuperarse así das consecuencias económicas xeradas pola emerxencia sanitaria da covid-19.

Unha das principais características desta tarxeta é que non estigmatiza ás persoas que reciben axudas sociais, xa que permite ás persoas con baixos ingresos que están a atravesar dificultades económicas beneficiarse desta axuda de maneira anónima."

Esta é unha nova da Xunta de Galicia de 1 de agosto de 2020. Dende entón disparouse un 250% o prezo da electricidade, e a inflación en Galicia é das máis altas de España e de toda Europa. Máis ca nunca, hoxe hai que recuperar esta tarxeta e mobilizar recursos autonómicos para favorecer as familias con dificultades.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Ponteceso insta á Xunta de Galicia a:

1. Renovar de forma inmediata a vixencia do programa da tarxeta básica para todas as familias galegas que o necesiten.

Ponteceso, 15 de xullo de 2022

O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

A Sra. Carrillo Aguiar di que é unha proposta que vén de fóra de Ponteceso, coma todas as que vai traer. A tarxeta básica creouse pola pandemia, para sectores sen ingresos, Remataron as restricións da pandemia e eses sectores volveron ao mercado laboral e a situación mudou, habendo outro tipo de axudas (RISGA, bono alugueiro, etc.). Chámalle a atención que o PSOE critique á Xunta e non faga o mesmo co Ingreso Mínimo Vital. A Xunta de Galicia traballa e seguirá traballando polos máis vulnerábeis, pero esta tarxeta foi unha medida temporal motivada pola pandemia. Manifestará o sentido do seu voto cando chegue a votación.

O Sr. Pose Verdes di que no punto anterior o alcalde falou dos Fondos Next Generation e eles votaron a favor sen saber moi ben o que vai propoñer. Estas propostas son unha tomadura de pelo: guerras PP-PSOE e o Día do Orgullo, que foi hai un mes. Dos problemas de Ponteceso non se fala porque non debe haber ningún.

O Sr. García Cotelo sinala que empeza a campaña electoral e trae cada partido o seu argumentario, pero non se fala dos problemas de Ponteceso, como a senda de Lestimoño. Di que os veciños enteráronse de rebote das expropiacións. Tampouco se fala do Parque Eólico de Corme, onde EDP entrou coma un cabalo contra a veciñanza e o alcalde falicitou todo. O alcalde entrou co teléfono na orella na reunión cos veciños e sentouse a carón do técnico, e a xente de Lestimoño cun problemón enriba. Vai votar en contra.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Votos en contra: oito (2 G.M. do PP e 6 non adscritos/as)

Abstencións: dúas (2 do G.M. APIN)

Queda rexeitado o ditame da Comisión

6º. Proposta polo Día do Orgullo LGTBI 2022.

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

DÍA DO ORGULLO LGTBI 2022

O Grupo Municipal dos Socialistas de Ponteceso a través desta Alcaldía de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte PROPOSTA polo día do Orgullo LGTBI 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGTBI, conmemórase en todo o mundo as revoltas que tiveron lugar no bar Stonewall de Nova York en 1969 e que supuxo un punto de inflexión na loita polos dereitos de este colectivo. Un movemento nacido da rebelión cidadá contra a inxustiza, a discriminación e a persecución social e policial sobre as persoas LGTBI, e que deu orixe a un movemento polos dereitos civís en todo o mundo. Dende 2018 en España, o 28 de xuño establécese como Día Nacional, co obxecto de recoñecer a loita das persoas LGTBI.

Sendo conscientes dos avances acadados no noso país e de como a maior parte da nosa sociedade abrazou a diversidade, é necesario denunciar e combater os cada vez máis frecuentes discursos de odio contra o colectivo LGTBI. Estes discursos teñen coma consecuencia directa que nos últimos anos padecemos un aumento de agresións tanto verbais coma físicas nos nosos concellos, e que no peor dos casos pode rematar coa morte da vítima, como ocorreu no caso de Samuel Luiz.

A sociedade e as institucións temos que seguir traballando para que todas as persoas poidan vivir a súa vida de forma libre en todos os ámbitos, tanto no persoal coma no laboral, sen ser vítimas de ningunha clase de discriminación ou agresión por mor da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

Polo anteriormente exposto, propónse ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

1. Realización dun acto institucional e izado da bandeira LGTBI na fachada do Concello.
2. Realización de campañas de visibilidade do colectivo LGTBI e tamén contra a LGTBIfobia.
3. Iluminar coas cores do arco da vella a ponte de Ponteceso, e a fonte do Xardín Vello de Corme. Tamén outras accións coma a pintura de bancos ou pasos de peóns coas cores da bandeira LGTBI.
4. Fortalecemento das relacións e do apoio ás organizacións e colectivos LGTBI do noso concello.
5. Elaboración dun Plan Municipal para o Colectivo LGTBI, que coordine todas as políticas que leve a cabo o Concello para promover, defender e garantir os dereitos das persoas LGTBI no municipio.
6. Instar á Xunta de Galicia a dar cumprimento ao artigo 8 da Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia e crear os Servizos Municipais de Información, Atención e Asesoramento LGBTI, con persoal especializado e dotación orzamentaria para o desenvolvemento da súa actividade.
7. Declarar o Concello de Ponteceso Concello libre de LGTBIfobia

Ponteceso, 15 de xullo de 2022

O alcalde

Xosé Lois García Carballido"

A Sra. Carrillo Aguiar pregunta como é posible que se traia esto a Pleno cando xa pasou o Día do Orgullo LGTBI. O alcalde non consultou nada e agora pretende lucirse. Este asunto non ten nada que ver con Ponteceso e pregunta por que non fala dos incendios, por exemplo. Sabe que non pode izar a bandeira nun edificio oficial, como dixo a Sala 3ª do Tribunal Supremo nunha sentenza de 2020. Iluminar os pasos de peóns vai en contra do artigo 168 da Lei de Tráfico, que impide pintalos doutras cores. Critica que o alcalde faga campañas a costa do colectivo LGTB e afirma que Ponteceso non é unha gran cidade que teña fondos para eso. Pregunta onde están eses colectivos en Ponteceso, pois non lle consta que os haxa. Respecto ao Plan Municipal, considera que o artigo 14 CE xa garante a igualdade e o Concello de Ponteceso non ten máis potestade que a Carta Magna. Sinala que este colectivo ten ao seu dispor os centros "Quérote" e Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei deste tipo: A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia. Acusa ao alcalde de querer crear un chiringuito en Ponteceso para colocar a alguén da súa corda. Pregunta se houbo algunha agresión para facer a afirmación do punto sétimo. En Ponteceso son xente queazona. Cualifica de vergoñenta esta moción, que en nada recolle os problemas de Ponteceso.

O Sr. García Cotelo acusa ao alcalde de seguir co argumentario socialista en vez de mirar pola veciñanza de Ponteceso. Aconséllalle que se preocupe por dar as explicacións que lle pediu en vez de facerlle a pelota ao Sr. Valentín. Terá que explicar porque está imputado e veremos se a partires do 29 tamén o está un funcionario.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Votos en contra: catro (2 G.M. do PP, Sr. García Cotelo e Sr. González Gómez)

Abstencións: seis (2 do G.M. APIN e Sres. Fondo Pérez, Eiroa Ameijenda, Santiago Lema e Pérez Imia)

Queda rexeitado o ditame da Comisión.

7º. Proposta en defensa do ensino público.

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

PROPOSTA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO 2022

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponteceso a través desta Alcaldía, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte PROPOSTA:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No eido educativo, a crise sanitaria da COVID-19 revelou de forma evidente a situación de precariedade que estamos a sufrir como consecuencia dos recortes que as políticas da Xunta de Galicia veñen impoñendo dende hai xa moitos anos. A necesidade dun incremento de recursos económicos e humanos para garantir o dereito fundamental e habilitador que é a Educaciónponse agora máis de manifesto ca nunca. Un verán máis, todos os centros de Ponteceso seguen fora do plan de nova arquitectura pedagóxica, e o Conselleiro de Educación non recibe ao Alcalde de Ponteceso. A pesar de recibir moito financiamento da UE, a Xunta non os destina a Ponteceso. O Eduardo Pondal cumpriu 50 anos, con moitos elementos que nunca se renovaron, e seguimos por desgracia sen investimentos relevantes.

Deste xeito, durante a crise sanitaria, os gobernos locais asumimos como propias, con cargo as arcas municipais, competencias da administración autonómica, tal como a desinfección dos centros durante a xornada lectiva, por tratarse dunha tarefa de prevención estritamente sanitaria e non de mantemento e limpeza como establece a lei. As administracións locais de toda Galicia aforrámoslle á Consellería ao redor de 6.000.000€ en desinfeccións no pasado curso escolar.

A consellería non eliminou a fenda dixital que tanto se evidenciou co confinamento. Limitouse a “poñer tarefas” aos equipos directivos e profesorado que tiveron que montar en tempo “record” recursos tales como as aulas virtuais, pero nos consta que moito alumnado quedou “illado” porque non existía un “plan b” se contraían a Covid e tiñan que quedar na súa casa. Non houbo máis aportacións tecnolóxicas ou económicas para as familias con escasos recursos.

Entendemos que a pandemia debe servir para darnos conta da importancia da educación pública e das súas necesidades. Non é de recibo que as entidades locais asumísemos sen aportación externa algunha os custos derivados da pandemia mentres a administración autonómica sacaba peito da boa xestión realizada nin é de recibo que ante o aumento dos prezos derivados da guerra en Ucraína e o aumento do prezo da enerxía os concellos carguemos con todo o peso do mantemento da educación pública.

Estamos nunha constante loita entre as competencias da administración local e autonómica cada vez que temos que asumir un gasto dos centros escolares en cuestión xa non de mantemento senón de inversión, algo que pola lei de racionalización das entidades locais, nos non podemos asumir. E sexamos realistas, a maioría dos centros educativos contan con máis de 40 anos dende a súa construción, polo que a vida útil da súa instalación xa chegou ao seu fin e polo tanto xa non se trata , na meirande parte dos casos, dunha

cuestión de reparación se non de investimento. Pero neste fogo cruzado sempre perden os centros escolares e polo tanto as nosas nenas e os nosos nenos.

Por outra banda é necesaria tamén unha inversión en recursos humanos e en profesorado tanto en docentes en xeral como en profesionais especialistas (Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientación, etc...). Cada ano, e dende a pandemia en maior medida, somos conscientes do aumento de trastornos e dificultades que se detectan no alumnado dende infantil a secundaria e os especialistas aportados por catálogo a cada centro non son suficientes, tal como o manifestan os propios centros e as familias.

Os equipos directivos e persoal docente foron un dos sectores máis sobrecargados de tarefas por parte da administración para sobre levar toda a pandemia e actualmente é un sector esgotado e burocratizado que non está a desenvolver o traballo para o que se formaron: a ensinanza, senón que precisamente por esta sobrecarga e falta de apoio están a realizar tarefas que non lle competen, e ese esgotamento repercute así no alumnado e no desenvolvemento curricular do mesmo, mermando unha vez máis o nivel da educación pública. Uns docentes que dende o pasado mes de xaneiro non ven cubertas as súas prazas en caso de baixa por Covid , tendo que ser cubertas por compañeiras e compañeiros do centro, chegando a haber 5 docentes de baixa á vez , sendo imposible atender a todas as aulas co profesorado existente.

Por outra banda temos que poñer o foco en recursos como o transporte escolar que está a vivir unha das súas peores xestións con queixas contínuas por parte dos centros; os comedores escolares e os servizos de madrugadores que deberían ser actividades complementarias e non extra-escolares para que poidan ser asumidas pola Xunta de Galicia e non por Anpas exhaustas e Concellos sen orzamentos; as equipas de orientación que non contan con persoal suficiente para atallar todas as casuísticas que se están a manifestar tanto en primaria como en secundaria (cun aumento considerable dos problemas emocionais entre adolescentes) e que os Concellos tentamos apoiar, aínda sen ser a nosa competencia con plans de apoio emocional municipais.

Como ven, son moitas as competencias que asumimos por ser a administración máis cercanas, a que lle pon cara ás necesidades e por un sentimento de responsabilidade coas nosas familias aínda sen ter recursos e sen ser a nosa obriga. Pero non podemos seguir asumindo esta situación por máis tempo. É preciso que a Consellería de Educación asuma dunha vez por todas as súas responsabilidades e deixe de afofar economicamente co seu desleixo ás entidades locais.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

O Pleno do concello de Ponteceso, insta á Xunta de Galicia a:

8. Incluír aos centros educativos de Ponteceso, no plan de nova arquitectura pedagóxica, nunha reunión entre o Alcalde e o Conselleiro de Educación.
9. Demandar a compensación dos gastos asumidos polos concellos na desinfección dos centros escolares como consecuencia da COVID 19.
10. Incrementar a dotación económica para os investimentos destinados á realización de obras nos centros educativos para corrixir as deficiencias existentes e mellorar e modernizar as súas instalacións.
11. Incrementar o número de docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe de acordo as necesidades dos centros que permita dar unha atención adecuada ao alumnado con NEAE, incrementar o número de profesorado dos centros escolares como apoio do persoal existente e aumentar o persoal do Equipo de Orientación Específico.
12. Dar cobertura das baixas médicas de profesorado por COVID-19 independente da duración da mesma.
13. Reconducir a xestión do transporte escolar e instaurar a gratuidade para o alumnado de Bacharelato por considerar o seu pagamento unha medida discriminatoria economicamente entre os menores de idade que segundo establece a convención dos dereitos do neno (ata os 18 anos) ratificada polo goberno de España teñen dereito á non discriminación, ao desenvolvemento vital, á educación e á protección.
14. Establecer por parte da Xunta de Galicia a xestión directa dos comedores escolares como modelo de xestión prioritario.
15. Dotar aos centros de persoal técnico informático para o mantemento dos equipos dixitais e dotalos de persoal administrativo (unha persoa administrativa en centros de dúas liñas e unha persoa compartida en centros de unha).

Ponteceso, 15 de xullo de 2022

O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

A Sra. Varela Suárez pide o apoio para esta proposta.

A Sra. Carrillo Aguiar di que o mantemento dos centros de ensino é competencia municipal e afirma que o compromiso da Xunta cos centros é indiscutíbel. No 2021 o delegado da Xunta informou dun investimento no CEIP de Ponteceso incluído no Plan de Arquitectura Pedagóxica. Aclara que os alumnos de ensinanzas post-obrigatorias non teñen dereito a transporte porque non cursan ensino obrigatorio. Dille ao alcalde que pregunte se os colexios teñen problemas en solicitar profesorado á Xunta. Malia que este curso hai seis mil alumnos menos no sistema educativo, a Xunta pon máis profesorado que no ano pre-pandemia (curso 2019-2020). Di que Galicia ten o menor ratio alumno-profesor de España e que o sistema de cobertura de baixas é un modelo de prestixio. Despois da Semana Santa cubríronse 500 baixas en só dous días, que casualidade. Que non veñan coa excusa da covid para non dar clase, porque se poden ir a un supermercado mercar alimentos tamén poden dar clase. As baixas son cubertas con normalidade e non hai queixas, non sabe porque se queixa o PSOE. Pregunta se de verdade era necesario traer esta moción, se non teñen asuntos máis importantes que tratar en Ponteceso. Acusa ao goberno de querer taparlle os ollos á xente e manipular.

O Sr. Pose Verdes afirma que están xogando ao ping pong e nesta xogada ten a rede furada, porque a voceira do PP trouxo o traballo feito e estalle dando ata no DNI. Non sabe a que ven esta moción, pero vanse abster porque é necesario falar dos problemas de Ponteceso e non de vaguedades.

O Sr. Eiroa Ameijenda quere escoitar a versión do alcalde para votar, porque como non lle chama a ningunha comisión non ten información.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Votos en contra: cinco (2 G.M. do PP, Sres. García Cotelo, Eiroa Ameijenda e Pérez Imia)

Abstencións: cinco (2 G.M. APIN, Sres. González Gómez, Santiago Lema e Fondo Pérez)

Queda rexeitado o ditame da Comisión.

8º. Proposta para reivindicar unha solución á caótica situación do socorrismo causada pola xestión da Xunta de Galicia.

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

PROPOSTA PARA REIVINDICAR UNHA SOLUCIÓN Á CAÓTICA SITUACIÓN DO SOCORRISMO CAUSADA POLA XESTIÓN DA XUNTA DE GALICIA

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponteceso a través desta Alcaldía de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte PROPOSTA:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa chegada do verán comeza o servizo de socorrismo nas praias da nosa costa. En situación normal, os concellos galegos estarían articulando xa os seus servizos de vixilancia en plenitude e con garantías de cubrir integramente o servizo. Nembargantes, esta tempada estival os consistorios municipais están a padecer unha escaseza de persoal socorrista debido á xestión que se levou a cabo pola Xunta de Galicia que está a provocar un colapso serio. En Ponteceso non se conseguiu ningún socorrista polo modelo de subvención de fomento do emprego da Xunta, e imos ter que licitalo con empresa privada para non quedar sen un servizo esencial.

O Goberno galego aprobou unilateralmente o decreto actualmente vixente, sen ter en conta as recomendacións dos sectores implicados, no que se recollía unha disposición transitoria que remataba en abril de 2021 e que permitía o desempeño das labores de socorrismo por un maior amplo número de persoas.

A aplicación deste decreto ao longo destes anos provocou, entre outras cuestión, unha evidente redución progresiva do número de socorristas, o que provoca que na actualidade exista un grave déficit na nosa comunidade.

O pasado ano 2021 ante a situación de colapso que esta medida ía a provocar e ante a presión social, a Xunta de Galicia deu marcha atrás e acabou recoñecendo esta situación de insostibilidade cando se veu abocada a emitir Decreto 63/2021, do 22 de abril, no que a súa propia exposición de motivos dispón literalmente "En prol de salvagardar e garantir a prestación do servizo de socorrismo na nosa comunidade e manter os numerosos postos de traballo que tal actividade orixina, é urxente e imprescindible prorrogar a habilitación provisional regulada na disposición transitoria única do devandito Decreto 104/2012, do 16 de marzo, a través da súa modificación."

Unha situación que se leva alertando dende hai xa moitos anos, particularmente dende o Partido Socialista de Galicia a través de sendas iniciativas parlamentarias nas que se puxo de manifesto esta realidade e se instou á Xunta de Galicia adoptar medidas que evitasen que se chegase á situación actual.

O pasado 31 de marzo de 2021 ante unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego, o goberno de Galicia respondeu que non sería necesaria unha nova prórroga porque se estaba a elaborar "un novo Decreto, incrementando as vías de acceso ao Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos de Galicia salvagardando en todo momento os estándares de calidade e capacitación xa establecidos na normativa anterior".

Un ano despois, a Xunta de Galicia segue sen elaborar o novo Decreto que permita recuperar o pulo deste sector e garantir a prestación do servizo nas praias galegas.

Unha política en materia de socorrismo totalmente errática que lonxe de garantir a prestación dun servizo, a día de hoxe, básico nas nosas praias, provoca unha grave crise neste sector que vai conlevar a que moitas das praias da nosa costa non poidan estar abertas ao baño da cidadanía, así como á desaparición deste sector.

A pesar das múltiples advertencias que se realizaron por parte de todos os axentes implicados, a Xunta de Galicia optou por facer oídos e caso omiso, provocando a situación na que nos atopamos actualmente. A cidadanía galega non ten por que pagar a mala xestión da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Ponteceso insta á Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas necesarias e urxentes para poñer unha solución a esta situación de absoluto desleixo nos servizos de socorrismo.
2. Prorrogar a habilitación provisional regulada na disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, a través da súa modificación inmediata e excepcional
3. Modificar as bases da convocatoria na que se regula a subvención aos Concellos para a contratación de persoal de salvamento, apostando por un sistema mixto, no que se permita a contratación do servizo a través dunha empresa naqueles supostos nos que fiquese deserta a convocatoria pública e suprimindo a esixencia de inscrición no Servizo Público de Emprego para levar a cabo a contratación polas entidades municipais.
4. Explorar vías alternativas para solucionar esta situación que permitan habilitar de maneira temporal e excepcional a aquelas persoas que gocen de módulos de salvamento dentro da súa formación acreditada.

5. Elaborar un novo decreto no que se regule a formación e as condicións esixibles para o desempeño das funcións de prevención e socorrismo nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas en consenso coa Fegamp, as federacións, asociación e axentes sociais do sector que permita reverter a situación actual.

Ponteceso, 15 de xullo de 2022

O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

A Sra. Carrillo Aguiar pregunta se quere rebaixar as esixencias de capacitación e que entre calquera de socorrista, mingando a seguridade das praias. Os requisitos de formación mínimos elaborounos a Xunta, Cruz Vermella e FEGAMP. Pregunta ao alcalde se forma parte da FEGAMP. Se foi consensado cos axentes implicados, a que ven esta moción? Lembra que a contratación dos socorristas é un asuntos de competencia municipal e a Xunta só regula os requisitos de capacidade. En novembro de 2021 elaborouse un novo regulamento co consenso da FEGAMP e este ano a AGASP formou a máis de 400 profesionais. A premisa é que as praias galegas contén cos mellores profesionais para velar pola seguridade dos bañistas. O pasado 1 de xuño comezou o Plan de Salvamento de Galicia e os requisitos do Real Decreto son ter traballado tres anos nos últimos vinte. Pídelle ao alcalde que deixe de facer o ridículo, que está en xogo a seguridade dos bañistas e non veña lucirse.

O Sr. Santiago Lema di que o alcalde faille campaña a Valentín. A contratación dos socorristas é competencia do concello e antes de pedir hai que mirar o que se ten e o que lle sobra. A el tocoulle levar a área de seguridade e emerxencias, que estaba un pouquiño abandonada: os policía mal equipados, Protección Civil desfeita, os GES sen atender... e ao botalos do goberno quedou todo así. Cando chegaron ao goberno intentaron poñer esa área a funcionar, e conseguiu dotar de documentación e matrícula a unha moto náutica que tiñan parada. E fai pouco a Garda Civil colliu a esa moto sen documentación e sen matrícula, onde están? Quitoulla ao GES, que presta un servizo supramunicipal, para nada. Pregunta se agora ese tema o leva Ferreiro. Unha vez preguntou que facía Ferreiro na nave do concello e dixeron que fora mirar unha zodiac porque era experto en náutica. Pregunta onde están as zodiac e quen vai pagar esa multa cando veña. Pregunta que fai a lancha de Ferreiro onde tiña que estar a zodiac do concello. O alcalde perdeu máis dun millón de euros en subvencións por non ter concelleiros/as para traballar e agora non fala deso. Tampouco presenta un orzamento ao Pleno. Segue chovendo na nave dos GES, non teñen roupa axeitada... Só veñen as super guapas sacar fotos con papeis traballando.

O alcalde dille que vaia rematando.

O Sr. Santiago Lema considera que lle debía caer a cara de vergonza por traer as mocións de Valentín en vez de mirar polo pobo. Dígalle a Valentín como se lle ocorre vir meter gravilla na pista de Brantuas, que ao dereito xa se escartou un coche. A xente de Corme agardando por un pantalán e a lancha de Ferreiro atracada. Estas cousas a xente non as sabe porque non saen en La Voz de Galicia. Reitera que mire polos medios que ten o concello e coide deles antes de pedir nada. Afirma que lle puxo unhas cremalleras por 30 euros aos traxes do GES e aínda non llos pasou ao concello. Xa o alcalde lles dixo como había que facer para cobrar: poñerlle de máis a unha factura.

O alcalde pide á concelleira que lea a proposta.

A Sra. Varela Suárez le a proposta. Sinala que son propostas sociais, xa trouxeron a pleno mocións para facer obras, como a auga de Langueirón, con cargo ao remanente, e a oposición votou en contra. E se seguen no goberno é porque non pediron nada.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Votos en contra: oito (2 G.M. do PP e 6 non adscritos/as)

Abstencións: dúas (2 G.M. APIN)

Queda rexeitado o ditame da Comisión.

PARTE DE CONTROL

9º. Dación de conta das resolucións da Alcaldía, desde exp: 2022/G003/000390 do 25/05/2022 ata exp: 2022/G003/000559 do 19/07/2022

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ós concelleiros das Resolucións da Alcaldía desde exp: 2022/G003/000390 do 25/05/2022 ata exp: 2022/G003/000559 do 19/07/2022, que estiveron a disposición dos concelleiros dende a data de convocatoria do pleno.

O Pleno dáse por enterado.

O Sr. Santiago Lema di que se a Sra. Noelia o di por el, sabe que el non pediu nada, foi o alcalde quen lle ofreceu, e lembra que nas oficinas virou encarnada...

10º. Mocións

O alcalde di que pasan ao punto de mocións.

O Sr. Pose Verdes anuncia que ten unha moción urxente.

Transcríbese o texto íntegro do escrito asinado polo Sr. Pose Verdes:

"MOCION URXENTE QUE PRESENTA O VOCEIRO DO GRUPO APIN-SON PARA A EXECUCION DAS OBRAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA A LANGUEIRON E PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS EN LESTIMONO

Nos tres últimos plenos ordinarios o Sr. Alcalde presentou unha serie de compromisos para levar a cabo obras no Concello, tratábase dunha serie de actuacións, moitas das cales xa estaban aprobadas e listas para executar e outras nas que faltaba toda documentación legal para levalas a cabo, é dicir, eran un canto ao sol, sin validez ningunha. A través desta moción o grupo APIN-SON pretende que se leven a cabo as obras antes mencionadas polo que pedimos ao Pleno do Concello de Ponteceso a toma en consideración da seguinte

MOCION

- 1.- Inicio de expedientes de ditas obras cos proxectos, informes da unidade técnica, intervención e secretaría.
 - 2.- Convocatoria dun Pleno extraordinario e urxente para a aprobación de ditas obras e a licitación das mesmas.
- Ponteceso a 26 de xullo de 2022"*

O Sr. Santiago Lema continúa coa súa intervención...

O alcalde chámalo á orde, con advertencia de que se o chama unha terceira vez ten que expulsalo. Dille que está no uso da palabra o voceiro de APIN, que respecte a súa quenda. Señala que, dado que esta moción no foi presentada por rexistro, vailla dar a palabra á secretaria para que os asesore.

A secretaria explica que o inicio de expedientes de contratación de obras non é competencia plenaria, senón da Alcaldía. Dille ao Sr. Pose Verdes que se quere presentalo como rogo, instando á Alcaldía, non habería problema. Respecto ao segundo punto...

O Sr. Pose Verdes considera que se debe votar a urxencia.

O alcalde dille que non é a súa intención establecer un debate sobre temas normativos, senón deixar que a secretaria asesore ao Pleno.

A secretaria lembra que están na parte de fiscalización e control da sesión plenaria, polo que as mocións que se poden presentar neste punto son as que non teñen efectos xurídicos. Respecto do segundo punto – convocatoria dun pleno extraordinario, explica que a canle prevista para solicitar unha sesión extraordinaria non é vía moción nun pleno, senón que teñen outro mecanismo que todos os presentes coñecen porque xa se empregou en varias ocasións.

O Sr. Eiroa Ameijenda dille á secretaria que xa o solicitaron varios veces pero o alcalde non quere darlle para diante a eses plenos.

A secretaria pide a palabra para responder a esta cuestión.

O alcalde dille ao Sr. Eiroa Ameijenda que non vai entrar en debates.

O Sr. Eiroa Ameijenda dille que deixe falar á secretaria.

O alcalde di que van continuar, que o Sr. Pose Verdes pode presentalo como rogo.

O Sr. Pose Verdes entende que primeiro debe votarse a urxencia da moción e despois poderán discutir o que se queira.

O alcalde dille que a secretaria explicoulle perfectamente porqué non pode tratarse a moción. Dille que repase o video do pleno e verá a argumentación xurídica que lle fixo.

O Sr. Pose Verdes di que non lle fixo ningunha argumentación xurídica.

A secretaria pide a palabra ao alcalde, para zanxar a cuestión. Explica que acaba de advertir da ilegalidade do acordo que se adopte en base a esta moción, porque non é competencia plenaria. A quen lle corresponde someter a votación é o alcalde, e consonte ao que ella acaba de asesorar, non corresponde someter a votación.

O Sr. Pose Verdes manifesta que xa non é nin a primeira, nin a segunda nin a terceira vez que os informes de Secretaría non coinciden coa realidade. Hai uns días...

O alcalde di que xa non sabe en que punto están, pois está dubidando da profesionalidade dos funcionarios e eso non pode permitilo.

O voceiro de APIN di que é o alcalde quen ten que someter a votación, acaba de dicilo a secretaria.

O alcalde di que non vai decidir que se faga algo en contra da legalidade. Pregunta se ten algo máis que dicir. Ao non haber máis mocións presentadas, por escrito, en tempo e forman, pasan ao seguinte punto.

11º. Rogos e preguntas

O alcalde comeza respondendo as preguntas da Sra. Pérez Imia feitas na anterior sesión.

1º. Respecto das axudas ás asociacións, sinala que está aberta a convocatoria de 60.000 euros para entidades deportivas, que se publicou no BOP e por primeira vez se fai en réxime de concorrencia competitiva.

A Sra. Pérez Imia pregunta polas que están aprobadas, considera que non lle está contestando.

O alcalde di que esa é a resposta do goberno.

2º. Respecto ao regulamento de acceso, di que como concelleira se lle presupón o coñecemento da normativa municipal.

A Sra. Pérez Imia protesta, di que a xente non sabe eso.

O alcalde dille que ella sabe o que está aprobado e onde se publica, ben pode trasladarlllo aos veciños.

A concelleira di que o alcalde non explica nada.

O alcalde intenta explicarlle que como concelleiros....

A Sra. Pérez Imia interrompe varias veces a explicación.

O alcalde dille que cando estaba na oposición informaba aos veciños de onde se publica a normativa municipal.

A Sra. Pérez Imia insiste en que non lle responde as preguntas, ou cando dá clase manda buscar no dicionarios en vez de explicar?

O alcalde pídelle que o deixe explicarse, e chámaa a orde ata en tres ocasións. Pide que a Policía Local a acompañe fóra do pleno, porque está expulsada.

A concelleira abandona a sala de sesións sendo ás 21 horas e 30 minutos.

O alcalde sinala que de seguido pasa ás preguntas que se presentan oralmente.

11.1. Preguntas

11.1.1. Preguntas do Partido Popular

A voceira do PP comeza polas preguntas que tiñan para a sesión anterior, que se transcriben textualmente:

1ª. Por que non foi facilitada a información solicitada polo Partido Popular de Ponteceso sobre a sentenza do Xulgado do Social Nº 5 de Coruña no que o veredicto foi penalizado a pagar 60 mensualidades de 1840,72 euros? Como ben debería saber Vde. e máis o secretario accidental que asinou a denegación, o Sr. Emilio Caínzos, as sentenzas son de dominio público xa que saen publicadas no DOG. O uso é válido para o Sr. Alcade que os veciños só saiban das que lle son favorables a Vde., dándolle máxima difusión na prensa, pero as que lle son contrarias as garda para que nadie se entere delas?

2ª. Ten Vde. pensado licitar o Servizo do Ciclo da Auga en Ponteceso? Recordámoslle que leva 7 anos en precario. Non sabe máis que facer propaganda mentindo, non sabe máis que mentir, mentir e mentir.

3ª. Debido a carencia de aparcadoiro aquí, na Casa do Concello, e estando previsto no PXOM a realización/obra de un: Vai Vde. tomar as medidas para leválo a cabo?

4ª. En caso de maltrato nun domicilio, que plan de actuación ante tal situación teñen o Concello/Servizos Sociais?

5ª. Saiu Vde. presumindo na prensa de contratar os servizos xurídicos dun dos mellores penalistas de Galicia, o Sr. José Luis Gutiérrez Aranguren. O Sr. Alcade vai a pagar Vde. os honorarios (de seguro que son ben caros) ou vai facer que a paguen todos os veciños de Ponteceso?

6ª. Francisca Dolores. 1452 euros. Pode explicar a que se debe o pago destes honorarios a esta avogada cando neste pleno se lle foi retirado a Vde. o poder contratar os servizos defensivos particulares e se tiña que acoller aos servizos xurídicos gratuítos da Deputación de A Coruña?

7ª. Pode o Sr. Alcade explicar cantas empresas contratou para limpeza e desbroces no Concello de Ponteceso?

8ª. Non lle dá vergoña ao Sr. Alcade convocar un pleno gastando o erario do Concello de Ponteceso sen traer nada relacionado cos intereses dos veciños/as de Ponteceso?

Pregunta se pode presentar os rogos ou espera.

O alcalde dille que están coas preguntas e puntualiza que estas preguntas non foron contestadas na sesión anterior porque a concelleira abandonou ese pleno antes de que rematara, non foi que o goberno non quixera contestar. Dille que non debe abandonar a política porque defende moi ben as ideas do Partido Popular.

A Sra. Carrillo Aguiar di é rastreiro e fai que non teña gañas de seguir, que lle dá noxo a actitude do alcalde tirando o papel que acaba de darlle.

O alcalde reitera que lle contestará no seguinte pleno.

11.1.2. Preguntas de APIN-SON

1ª. O Sr. Pose Verdes pregunta polo desbroce, porque saíu unha licitación por dous anos e 400.000 euros en números redondos, sen embargo co mesmo informe técnico saca unha nova licitación por tres anos e máis barato. Que se lle vai pagar a esta xente que está traballando, coa licitación que non está feita ou son facturas aparte? Non lle vai contestar?

O alcalde responde que se as fixera por escrito xa as contestaba neste pleno, pero na sesión anterior marchou tamén antes de tempo, como fixo o PP. Se fan o seu traballo e presentar as preguntas a través da sede, que é a forma de relacionarse co concello, o goberno contesta xa nesta sesión.

O Sr. Pose Verdes di que presentou preguntas que non contestou.

2ª. No tema das subvencións para deportes, xa escoitou que este ano saíu a convocatoria, pero o ano pasado os clubs de fútbol tiñan 9.000 euros para transporte e non cobraron nada, cando se lles vai pagar? Esa subvención estaba prevista no orzamento prorrogado no ano 20.

3ª. Respecto da licenza do parque eólico de Corme, quere aclarar varias cuestións, xa que foi unha licenza do goberno anterior. Houbo reunións con EDP, pero como estorbaba, díxolle ao concelleiro do BNG que asistira el. Coa xubilación do aparelador contratouse a un arquitecto que era coñecido del e caeu en desgraza. Como non se lle podía prorrogar o contrato máis aló do ano, sacou unha oposición e despois quitoulle a competencia á Xunta de Goberno. Saben cal foi a primeira licenza que dou o alcalde? A do parque eólico de Corme.

11.1.3. Preguntas dos concelleiros/as non adscritos

O Sr. **Santiago Lema** formula as seguintes preguntas orais:

1ª. Sinala que en Corme a comunidade de veciños da Avenida dos Remedios teñen o tellado sen pagar e o alcalde prometeullo.

2ª. Cando entraron no goberno falaban de respectar cada un o seu pobo. Prometeuse o arranxo do campo da festa de Nemeño. Díxolle a Noelia que era mellor que os rapaces que fan a festa falaban co alcalde. Pensa que parte da culpa da situación actual é da concelleira de Cores e faltan tres semanas para a festa e a palabra segue sen cumprir.

3ª. Que pasa coas subvencións nominativas das asociacións do ano 2021? Por que lles dixon que este ano non teñen que xustificalas? Agora van en réxime de concorrencia competitiva e algunha asociación xa desistiu de pedila.

4ª. Cos cartos que se aforran das dedicacións dos concelleiros por que non se limpan as aldeas? O tractor vai a 100 quilómetros por hora e sen volta atrás, deixando lixo tirado, sen recoller.

5ª. As comisións de festas tiñan aprobadas unhas partidas, que pasa con elas? Chamounas para informar como teñen que facer para pedilas?

6ª. Xa se falou abondo do parque eólico e de EDP, o alcalde está imputado e na campaña o Sr. García Carballido dixon que como Fondo tiña vergonza presentarse estando imputado. Vaise presentar agora el? Se tivera vergonza non se presentaba ás eleccións. Afirmo que primeiro está o pobo e despois o partido.

O Sr. **García Cotelo** formula as seguintes preguntas orais:

1ª. Trouxo varias cuestións como rogos ao pleno, xa hai dous plenos. Volveu a presentalo en xuño por rexistro. Cando vai entregarlle a documentación que solicitou?

2ª. Dada a súa imputación por prevaricación no caso do parque eólico de Corme, cando vai presentar a súa dimisión?

3ª. Se lle abren xuízo oral, as súas compañeiras pedirán que marche, segundo o código ético do PSOE, ou terá que pedirillo o Sr. González Formoso?

11.2. Rogos

O Sr. Eiroa Ameijenda chámalle “Francisco” ao alcalde.

O alcalde chámalle á orde en dúas ocasións por este feito.

O Sr. Eiroa Ameijenda abandona a sesión sendo as 21 horas e 57 minutos.

O alcalde dille que xa cobrou os cen euros e xa pode marchar.

O Sr. Eiroa Ameijenda pregunta quen paga as pantallas na casa do alcalde, que o saiban os veciños.

11.2.1. Rogos do Partido Popular

1º. Que coloque un espello no lugar da Chabola, en Langueirón, que o pediron hai máis dun mes.

2º. Que se coloque un colector amarelo no lugar de Tallo, que o solicitaron hai máis de seis meses, para non ter que desprazarse. Que llo pida a Sogama, que llos dan encantados.

11.2.2. Rogos de APIN-SON

1º. Roga que tome dunha vez cartas no tema do ciclo da auga. Entenden que é doado que o xestione directamente o concello, e polo tanto piden que se fagan os trámites necesarios para que deixe de estar en precario.

A Sra. Fondo Pérez roga que saia da Alcaldía o antes posible porque está acabando con Ponteceso e cos veciños.

O alcalde di que nos plenos non se poden facer xuízos paralelos, para eso están os xulgados. Algún pensan que poden tumbar ao alcalde con querelas, tivo moitas na anterior mandato e foron arquivadas en 1ª instancia. Intentaron ir contra Ferreiro...

O Sr. Santiago Lema di que debía darlle vergonza...

O alcalde chámalle a orde por terceira vez e pídelo que abandone o pleno.

O Sr. Santiago Lema di que o pleno está acabado.

Os concelleiros de APIN, PP e resto de concelleiros non adscritos abandonan a sala de sesións.

Na sala de sesións permanecen unicamente o presidente e dúas concelleiras, polo que a secretaria informa á presidencia que non se mantén o quórum esixido para a válida constitución do Pleno (cinco concelleiros/as, un terzo do número legal de membros, consonte ao artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 5 de abril, de Bases do Réxime Local). En consecuencia, dáse por rematada a sesión sendo ás 22 horas e 4 minutos,

Redáctase a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria, asinándoa xunto co Sr. Alcalde.

O Alcalde-Presidente

A secretaria en réxime de acumulación

Xosé Lois García Carballido.

M.ª. Cristina Varela García